

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 8

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 24 de ABRIL de 2019, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Ordinaria e extraordinaria do 27.02.2019).

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.-** Dar conta do Informe Trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstos nas leis, corresponde ao 1º trimestre do ano 2019. Expte. 21400/541 (Rexistro Pleno 2009/1101)
- 3.-** Dar conta do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento, correspondente ao 1º trimestre do 2019, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias . Expte. 110/143 (Rexistro Pleno 2010/1101)

Mocións:

- 4.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia para que invista en Vigo a mesma cantidade da cartos que o Presidente da Xunta de Galicia di aforrar na Cidade da Cultura en infraestruturas de investigación e culturais en Vigo. Rexistro Pleno 2019/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal Socialista para que Xunta de Galicia asuma integramente o custo económico e subministre os medios necesarios para a prevención e extinción de incendios nos montes de Vigo. Rexistro Pleno 2020/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a primar os criterios de proximidade na adscrición de alumnos a centros

para tódolos niveis de ensino, comprometer a execución do Instituto de Navia e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2021/1101.

PARTE DE CONTROL

- 7.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte.564/1102 (Rexistro Pleno 2013/1101)
- 8.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 565/1102 (Rexistro Pleno 2014/1101)
- 9.-** Dar conta da Resolución de Alcaldía de data 12.04.19 pola que se modifica as competencias en concelleiros/as da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos. Expte. 563/1102 (Rexistro Pleno 2015/1101)

Mocións.

- 10.-** Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, instando ao goberno municipal a ampliar o servizo de salvamento e socorrismo ao menos dende o 1 de xuño ao 30 de setembro e as fines de semana posteriores de existir afluencias de bañistas e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2016/1101.
- 11.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a adicar 30 millóns do remanente de Tesourería a un plan de Parroquias para dotalas dos mesmos servizos que o centro da cidade e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 2017/1101.
- 12.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno local a cesar as agresións contra o servizo de bombeiros, convocar e executar as ofertas de emprego e aprobar a súa equiparación salarial co resto das principais cidades españolas. Rexistro Pleno 2018/1101.

13.- Formulación de rogos.

14.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E CATRO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quórum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

lc

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.